

PRODUART 10

FEIRA DOS PRODUTOS ARTESANAIS E ECOLÓXICOS

Nova Nave de Redes - explanada portuaria - BURELA

Produart, feira dos produtos artesanais e ecolóxicos, é unha plataforma de exposición comercial-feiral, que intenta poñer en contacto a produtores, comerciantes e consumidores, que apoiem o desenvolvemento dos recursos da nosa comarca, e doutras colindantes, así como doutros puntos do estado español, dende a óptica da sustentabilidade e da conservación do medio.

Como feira de produtos ecolóxicos e artesanais, Produart´10 é fiel reflexo dos valores da postmodernidade. Así, dende esta plataforma búscase o desenvolvemento dos sectores relacionados con outra forma de produción non agresiva: a ecolóxica e a artesanal. Buscamos promover entre os nosos visitantes as ideas de sustentabilidade e de respecto ao entorno, servindo ademais como reclamo da actividade turística da zona que busca a calidade e aposta por estes xeitos de vida. O apoio das pequenas empresas con iniciativas nestes eidos e a promoción dos produtos locais, artesanais e tradicionais, e tamén aqueles produtos anovadores que difunden e recuperan a cultura ecolóxica, son outros dos nosos obxectivos.

Produart aboga polo estímulo e a potenciación dunha produción máis ética, menos agresiva co medio e polo tanto por un consumo máis sostible e de respecto ao medio ambiente, encadrándose dentro dun pensamento integral e holístico de deseño ecolóxico .

Así, os sectores fundamentais que conforman a estrutura de Produart´10 están englobados en:

- Produtos alimentarios: que inclúen produtos artesanais-naturais e produtos ecolóxicos
- Produtos naturais-ecolóxicos: hixiene, cosmética, calzado...
- Produtos artesanais e complementos: tecidos e vestidos, coiro, pinturas, cerámica...
- Terapias alternativas
- Hábitat: bioconstrución (materiais, enerxías renovables...) e restauración ou recuperación da arquitectura tradicional.
- Medio Ambiente: coidado do medio, enerxías renovables etc.

PROGRAMA PRODUART 10

Feira dos produtos artesanais e ecolóxicos, 6, 7 e 8 de Agosto

Venres 6 de Agosto

17.30 horas : Apertura ao público e comenzo das **Actividades Diarias**

19.00 horas : **Inaguración** : a cargo de

D.Alfredo Llano García, Alcalde de Burela e Pte. da Fundación Expomar, acompañado de a Vicepresidenta segunda da Deputación Provincial de Lugo **Dona Lara Mendes**, e de a Vicepresidenta terceira da Deputación de Lugo **Dona M^a Xosé Vega Bugano**

20.30 horas : **Xornadas PRODUART 10**

PRODUART'10 contará con Mesas Redondas, Conferencias, proxeccións, demostración, exposicións e encontros que abordarán os grandes temas de debate mediambientais, sociais e ecolóxicos . Produart crea un espazo de reflexión, de intercambio de ideas, experiencias e de debate, un foro alternativo no ámbito da ecoloxía e o medioambiente.

Para elo crea varias seccións.

Mesas Redondas Produart 10

I Mesa Produart 2010: FINANZAS ÉTICAS : A ECONOMÍA SUSTENTÁBEL

Lugar de realización : Recinto " Nave de Redes

Data e Hora : venres 6 de Agosto ás 20.30 h.

Modera : **Catalina Sánchez luengo Fundación Expomar**

- **A Banca Ética: FIARE, unha banca nas mans da cidadanía.**

D. Xoán Monasterio

Vogal da Asociación FIARE Galicia

- **Finanzas e transformación social : Proxecto COOP.57**

D. Antón Insua López

Socio colaborador de COOP 57 Galicia

- **Crisis económica e economía sustentable: Proxecto GAS: comercio responsable: a experiencia italiana**

D. Martiño Rubal Maseda

Politólogo. Investigador

22.00 horas peche do recinto

Sábado 7 de Agosto

11.30 horas : Apertura ao público público e comenzo das **Actividades Diarias**

12.30 horas :

Obradoiro de RADIESTESIA

A partires das 12.30 h. dará comenzo o obradoiro de Radiestesia impartido polo **Taller ARTENAMAR** na zona adicada ás demostracións e obradoiros dentro do recinto.

14.00 a 17.30 horas: A feira estará pechada ao público

17.30 horas : Apertura ao público e comenzo das actividades

17.30 h.

Obradoiro de Ecoxogos

Realizado pola **Asociación de Consumo Ecolóxico KARRIKANTA** para nen@s o **sábado día 7, a partires das 17.30 h.** , no recinto feiral.

18.30h.

Demostración sobre Cestería Artesanal da Mariña Lucense.

A cargo do **Taller ARTESAN**, construción dun paxe tradicional da Mariña que terá unha duración aproximada de tres horas

18.30 horas: Tódalas Actividades diarias

22.00 horas. Peche do recinto

Domingo 8 de Agosto

11.30 horas : Apertura ao público e comenzo das **Actividades Diarias**

12.00 horas : **Mesas Redondas Produart 10**

II Mesa Produart 2010: SOBERANIA ALIMENTAR E CONSUMO RESPONSÁBEL : o novo paradigma

Lugar de realización : Recinto " Nave de Redes

Data e Hora : Domingo 8 de Agosto ás 20.00 h.

Modera: catalina sanchez luengo. Fundación Expomar

- **Construíndo a Soberanía Alimentar**
D. Manuel Docampo Paradelo
Viticultor. Produtor.Elaborador e Comercializador de Baceiros de Biobra.

- **Situación e retos do Consumo Responsable**
D. Cándido Martínez Abadín
Socio de ÁRBORE Sociedade Coop. Galega de Consumo Consciente e Responsable de Producción de Alimentos Amorodo.

14.00 a 17.30 horas: A feira estará **pechada ao público**

17.30 horas : Apertura ao público e comenzo das **Actividades Diarias**

18.30 horas: Tódalas Actividades diarias

ACTIVIDADES DIARIAS

Videoactiv@ : Proxeccións continuas, durante as horas de apertura da feira. Diferentes documentais de temática medioambiental, artesanal e ecolóxica

Demostrart : Demostracións e degustacións nos stands da feira e no espacio adicado as actividades por parte d@s expositor@s.

22.00 horas. Peche do recinto.

HORARIO de apertura ó público de Produart 10

Venres 6 de Agosto de 17.30 h. a 22.00 horas

Sábado e Domingo, 7 e 8 de Agosto de 11.30 h. a 14.00 horas

e de 17.30h. a 22.00 horas